

## Normas para o bo funcionamento do centro

### Normas xerais

- Debese respectar as normas de entrega e recollida dos/as nenos/as (**chamarase á porta e esperarase na entrada** a que o neno/a sexa recollido ou entregado). Baixo ningún concepto se entrará na aula.
- O persoal do centro solicitará o DNI a aquelas persoas que veñan recoller ó neno/a no caso de non coñecelas e comprobarase se está na lista de persoas autorizadas
- Deben **respectarse os horarios do centro** e como máis tardar que os/as nenos/as deben estar no centro para merendar, é dicir, antes das dez e media da mañá. Así mesmo, por favor pedimos puntualidade á hora de peche, lembrade que o centro ten un **horario de 7.00 a 15.00**.
- O **centro pechará a segunda quincena do mes de Agosto** por descanso de persoal, tarefas de mantemento, etc. Esta quincena xa contará de vacacións para o mes que deben coller os/as nenos/as por lei. O resto de vacacións solicitaranse cubrindo un formulario existente no centro para tal motivo, e deberedes repartilas por semanas ou quincena (nunca días soltos).
- Moi importante, **a asistencia ao centro**, xa que estamos dentro do plan de gratuidade da Xunta de Galicia **e de non asistir o menor perderá o dereito á escola gratuíta ou incluso a praza**.

- Cando algún cativo/a vaia faltar por favor intentade avisar, sobre todo no caso de faltar por enfermidade.
- **Todo o material**, roupa, ... que os nenos/as traian ó centro terá que vir **identificado co seu nome**. Lembrade que temos un lote de cativos/as, cada un/unha coas súas respectivas pertencencias.

### Medios de comunicación

- Empregamos axenda dixital mediante o uso da aplicación TokApp School. Debedes descargala canto antes porque dende o día 1 que dean comezo as adaptacións empregarémola para comunicarnos.
- Para comunicarse co centro podedes chamar aos seguintes números:
  - ✓ 981690350 (fixo do centro)
  - ✓ 646333877 (movil do centro ao que tamén podedes mandar WhatsApp)
  - ✓ Pola propia axenda TokApp que tamén ofrece a posibilidade de escribirmos
- Todos os días nos momentos de entrega e recollida podedes aproveitar para comentarnos calquera cousiña que se vos ocorra, dúbidas, información importante (é o momento de dicir “pasou mala noite”, “o fin de semana tivo unhas décimas”,...)

## Roupa e complementos

- Todos os/as nenos/as **deberán ter no centro unha caixa con dúas mudas completas mínimo** (pantalón, camiseta, xersei, roupa interior e calzado). En caso que se manchen e necesiten cambiarse, a muda sucia deberá ser resposta ó día seguinte sen falta.
  
- Durante o curso podemos mandar a caixa da muda á casa a revisar porque algunhas veces poden quedar mudas sen repoñer, por se fai falta ir cambiando tallas, roupa segundo a estación, ...
  
- **O centro será o encargado de lavar mandilóns** todos os días.
  
- É recomendable que os nenos/as traian **roupa cómoda** (chándal, camisetas e xerseis flexibles...) e **calzado con velcro** de pegar.
  
- **Non se deben traer tirantes, petos, cintos,....** xa que dificultan os cambios dos/as nenos/as
  
- **Non se deben traer xoias ou obxectos como pinzas do pelo,** que poden meter na boca e facerse dano con elas
  
- No centro **non usaremos bragas pañais.** Poden traela posta da casa pero aquí para os cambios sempre teremos pañais normais.

## Saúde e hixiene

- Os nenos/as deberán acudir ó centro en **condicións correctas de saúde e hixiene**. A típica frase de “colleuno na gardería” depende moito desto.
- Os nenos/as **non acudirán ó centro se tivesen 37,5°C ou máis de febre, diarrea** (máis de tres deposición anormais diarias), **vómitos** ( dous vómitos ou máis) **ou enfermidades contaxiosas** (varicela, rubéola, papeiras, sarampelo,...). De aparecer calquera síntoma de enfermidade mentres o nenos/a permanecen no centro, sempre se lle comunicará as familias.
- No caso de que ó neno/a lle xurda un proceso febril durante o tempo de permanencia no centro, o persoal tentará reduci-lo por medios físicos e avisará canto antes ás familias que deben vir a recoller o/a neno/a canto antes.
- Os nenos/as **afectados por parasitos** (piollos, lombrigas,...) **deberán avisar canto antes ó persoal do centro** e permanecerán nas súas casas ata o remate do tratamento indicado.
- Sempre e cando sexa posible, a familia axustará a **toma dos medicamentos fora dos tempos de permanencia do centro**. De ter que ser administrados no centro deberase aportar xustificante médico.

## Alimentación

- Os horarios de alimentación do centro son os seguintes:
  - **Almorzo** dende a hora de apertura ata as 9.00 horas
  - **Merendas** entre as 10.30 e as 11.00 horas
  - **Comidas** entre as 12.30 e as 13.30 horas
  
- Os/as nenos/as que tomen biberón terán no centro **un biberón (que o centro se encargará de lavar e esterilizar)** e só mandarán na mochila o dosificador co leite necesario para varias tomas (indicando sempre a cantidade que toman)
  
- As merendas e comidas virán sempre en **tuppers de plástico** debidamente identificados co nome.
  
- **A comida virá debidamente preparada e cortada.** O centro só se encargará de quentar e servir.
  
- Intentarase na medida do posible respectar o calendario de merendas
  
- Os/as nenos/as terán no centro un vaso, biberón, botella reutilizable, ... o que o/a neno/a adoite empregar, pero que sexa **apto para reutilizar, libre de BPA** e apto para lavar no lava vaixelas. A auga proporcionaraa o centro.
  
- Se o/a neno/a ten algunha **intolerancia ou alerxia a algún tipo de alimento deberase facer constar no centro**, a poder ser, axuntando un informe pediátrico

## Retirada de cueiros

- A retirada de cueiros é un traballo conxunto que debemos facer da man familias e centro.
- Cando o persoal do centro considere que o/a neno/a esta preparado/a para iniciar este proceso, comunicarllo ás familias para que estas decidan si lles parece o momento axeitado e de selo caso realizarse a labor conxuntamente. Tamén se pode ser a familia a que considere que o/a neno/a está preparado/a e tamén llo comentará ó centro.
- Para iniciar a retirada de cueiro o/a neno/a **permanecerá todo o fin de semana sen cueiro na súa casa** e o luns virá sen el ó centro, cun reposto de varias mudas a maiores das que xa haxa no centro, incluíndo calzado. Recordade, ten que ser **algo acordado por centro-familia**, non aparecer o luns así de repente sen cueiro.
- No centro temos por costume cos nenos/as de 2 a 3 anos empezar a sentalos no baño á hora dos cambios de cueiro, para que vaian habituándose, non ca idea de que fagan pis dende o primeiro día, senón coa idea de que se familiaricen co feito e a rutina de sentarse no WC. É importante que na casa tamén se vaia traballando este hábito, aínda que ás veces custe.
- Dende o momento que comezamos a sentalos no WC preferimos que empreguen braga ou calzoncillo, non bodies.

## **Varios temas importantes**

- Traballamos con material creado por nós (non temos libros de actividades) e imos tocando diferentes Unidades didácticas.
  
- O profesorado do centro pode sufrir variacións que poden gustar máis ou menos tanto os/as nenos/as como as familias, pero son cambios inevitables (baixas, enfermidades, vacacións,...) Pensade que cando vaian para o cole de maiores non van ter unha mestra soa.
  
- O tema dos golpes e sobre todo dos mordiscos sempre é un tema complicado. Temos moitos nenos/as e intentamos na medida do posible que non se manquen pero ao igual que pasa nas casas (que tendes un ou dous cativos/as) hai veces que non chegamos a todo.
  
- O tema das siestas tamén é algo que curso a curso suscita en ocasións malas caras. Nos non obrigamos aos cativos/as a durmir, polo que moitas veces que se quedan durmidos é porque non poden máis, non porque nós nos empeñemos en que durman.
  
- Podemos ter algún erro cubrindo a axenda ou esquecernos de enviala, somos humanas.